

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “NOVAS FERRAMENTAS PARA DETECTAR O ALGA INVASORA *RUGULOPTERYX OKAMURAE* MEDIANTE ADN AMBIENTAL (ALGASDET)”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, 14 de xaneiro de 2025, ata o 28 de febreiro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de proporcionar ferramentas que permitan avaliar a distribución da especie invasora *Rugulopteryx okamurae* en Galicia de forma rápida e práctica e fomentar a concienciación no sector pesqueiro sobre este novo problema co fin de tentar que a especie non se expanda por toda a costa de Galicia a curto prazo por descoñecemento dos riscos inherentes ás actividades pesqueiras.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFP001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

- O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 21-27: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.
- Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- Na xuntanza extraordinaria da Rede celebrada o 2 de outubro de 2024, esta valorou positivamente a realización dun Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a USC para establecer unha colaboración para a realización dun proxecto para proporcionar ferramentas que permitan avaliar a distribución da especie invasora *Rugulopteryx okamurae* en Galicia.
- A Consellería do Mar e a USC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan establecer a distribución da especie invasoras *Rugulopteryx okamurae* en Galicia de forma rápida e práctica, como medida inicial para planificar actuacións que palien os seus impactos, e fomentar a concienciación no sector pesqueiro sobre este novo problema co fin de tentar que a especie non se expanda por toda a costa de Galicia a curto prazo por descoñecemento dos riscos inherentes ás actividades pesqueiras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña

